

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACION E SERVIZOS NA RÚA FLOR DE MALVA. TERMINACIÓN.**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto deste contrato a realizacion de obras de pavimentacion e servizos na rúa Flor de Malva. Terminacion elaborado polo Servizo Municipal de Enxeñería.

*CPV.- ... 45432100-5 Traballos de pavimentación e revestimento de solos  
45232130-2 Canalizacions de augas pluviais*

CNAE 2009.-43.12 ....Preparación de terreos.

Con este contrato satisfácese preténdese mellorar o mal estado da rúa tanto na pavimentacion como no tocante ós servizos de abastecemento, saneamento e alumado público.

#### **SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Trátase dun contrato de obra , recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a realizacion de obras de pavimentacion e servizos na rúa Flor de Malva. Terminacion elaborado polo Servizo Municipal de Enxeñería

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).

## **CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- Real Decreto 614/2001 de 8 de xuño sobre disposicións comúns para la protección da saúde e seguridade dos traballadores para o risco eléctrico.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

### **TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO**

O valor estimado do contrato é de 255.346,23 euros mais o 16% de IVE (40.855,40euros), polo que o orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de 296.201,63 € (DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS UN EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS), que inclúe gastos xerais e beneficio industrial.

Faise contar a existencia de crédito suficiente na partida 5112.61309 do vixente orzamento xeral.

Dada a duracion da obra non procede a revisión de prezos.

### **CUARTA. PRAZO DE EXECUCIÓN**

As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de CATRO MESES contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

### **QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR**

Este contrato adxudicarase polo procedemento aberto , previsto e regulado polos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

### **SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>a</sup>: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras mais importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo término; no seu caso, os certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control da calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.
- d) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.
- e) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

Os licitadores poderán substituír a acreditación da solvencia técnica e económica pola presentación do certificado de clasificación no grupo G, subgrupo 6, categoría d)

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

### **SÉTIMA. GARANTÍAS**

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional por importe de **7.660,39 euros**.

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir da notificación da adxudicación provisional. De non se cumprir este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, e será de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladasn o artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

### **OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es)).

O prazo de presentación de proposicións será de **vinteseis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

### **NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS**

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A Documentacion Administrativa, B Proposición relativa ós criterios de adjudicación non avaliados automaticamente, e C Proposición económica e relativa a criterios avaliados automaticamente.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

### **DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA**

O sobre denominado A, documentación administrativa, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

- a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.
- b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres e aboarse a correspondente taxa (9,70

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

euros aprox). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica polos medios sinalados na cláusula sexta deste prego.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do imposto sobre actividades económicas.

- Xustificante de constitución da garantía provisional, a cal consistirá nun 3 por 100 do presuposto do contrato (**7.660,39 euros**).

Os documentos a que se refíre esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola Xefa do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da LCSP.
- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre B, Proposición relativa ós criterios de adxudicación non avaliábel automaticamente, que deberá incluír toda a documentación necesaria para a valoración da oferta conforme os criterios de valoración sinalados na **cláusula décimo primeira, apartado terceiro: garantías adicionais ofertadas polo contratista**.

O sobre denominado C, Proposición económica e relativa a criterios avaliábel automaticamente, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI número ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF número ....., fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación das **OBRAS DE PAVIMENTACION E SERVICIOS NA RÚA FLOR DE MALVA. TERMINACIÓN**

b) Que se compromete á execución do contrato conforme a seguinte oferta:

- Unha cantidade económica destinada a mellora no contrato de ..... euros IVE incluído.
- Un prazo de garantía de .....meses/anos a maiores da garantía mínima esixida.



## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

- Unha cantidade económica destinada a control de calidade, expresada coma porcentaxe do Orzamento de Execución Material do Contrato de .....%

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación dela

### **DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

VOGAIS:

- O Concelleiro de Infraestructuras
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario deste servizo que o substitúa.

O acto público de apertura da documentación incluída no sobre B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura da documentación incluída no sobre C, tralo cal se producirá

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACION**

Os **criterios de adxudicacion** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

#### **1.- Cantidade económica destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato (ata 6 puntos).**

Obterá a máxima puntuación neste apartado (6 puntos) a proposición da empresa que oferte unha maior cantidade económica destinada a melloras directamente relacionadas co obxecto do contrato, a determinar polo Concello. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningunha cantidade económica destinada a melloras e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

A cantidade ofertada entenderase que inclúe tódolos impostos indirectos aplicables á execución dos gastos que se afecten segundo as propostas de adicación que se aproben polo órgano de contratación, previa proposta do servizo e de conformidade co contratista adxudicatario, debéndose en todo caso vincularse ou afectarse a contía da mellora ofertada a propostas cúa finalidade sexa garantir o cumprimento do obxecto do contrato e a súa correcta execución, de conformidade coa normativa presupostaria e administrativa vixente.

#### **2.- Incremento do período de garantía: Máximo 2 puntos.**

Valorarase o prazo total de garantía que propoña a empresa (incrementando por tanto o prazo de garantía que figura no prego (1 ano)). Obterá a máxima puntuación neste apartado (2 puntos) a proposición da empresa que oferte o maior prazo de garantía, avaliado a partires do indicado no prego. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningún incremento sobre o prazo do prego e as restantes valoraranse de xeito proporcional, considerándose exclusivamente para a avaliación o incremento proposto.

Corresponderán cero (0) puntos ós licitadores que, ou ben non fagan mención expresa ou ben propoñan o prazo que consta no prego.

#### **3. Garantías adicionais ofertadas polo contratista (Máximo 1 puntos). Desglosarase este apartado do seguinte xeito:**

##### **3.1.- Medios e equipos que se compromete a manter durante o período de garantía: Máximo 0,75 puntos.**

Avaliaranse os compromisos concretos de disposición de medios materiais e persoais durante o período de garantía. A máxima puntuación será conqwerída

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

pola empresa que presente a mellor oferta en termos xerais, axustados á realidade concreta da obra. En xeral, desbotaranse as simples relacións de maquinaria, persoal e medios auxiliares da empresa, cando non estén dimensionadas dun xeito proporcionado á obra e simplemente se trate de relacións xenéricas dos medios globais da mesma. A puntuación mínima será conquirida por aquelas empresas que non adquiran ningún compromiso concreto. Os restantes casos determinaranse en función do tipo de compromisos (tanto en cuantía coma en definición clara e concisa dos mesmos).

### 3.2. Rapidez de resposta: Máximo 0,25 puntos.

Avaliaranse os compromisos concretos de prazos máximos de resposta en caso de avarías ou danos durante o período de garantía. Do mesmo xeito que no subapartado anterior, teranse en conta as posibilidades reais de cumprimento dos compromisos de rapidez de resposta.

### **4. Control de Calidade da Obra (Ata 1 puntos).**

Importe de execución material destinado ó Control de Calidade (**Máximo 1 puntos**), especificado do xeito seguinte: Obterá a máxima puntuación neste apartado (1 puntos) a proposición da empresa que oferte unha maior cantidade económica destinada a control de calidade, expresada coma porcentaxe do Orzamento de Execución Material do Contrato. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningunha cantidade económica destinada a Control de Calidade e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

## **DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA**

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarselles ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamene máis vantaxosa. Poderá declararse deserta a licitación cando non exista oferta ningunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicación que figuran nos pregos.

2.- No prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 135.4 da LCSP.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

### **DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios de licitación e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a súa constitución, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a súa resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, se é o caso, fose constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

### **DÉCIMO QUINTA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO**

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo casos excepcionais xustificadas, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

### **DÉCIMO SEXTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

## **CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o Director facultativo (D. Pablo Fuentes Failde) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP ademais das propias da dirección facultativa nos contratos de obras (capítulo V do Título II do Libro IV da LCSP).

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 217 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

### **DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS**

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, (300 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

### **DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.d. 39/97 que aproba o Regulamento dos servicios de prevención, a normativa concordante e

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:

- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.
- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun servizo de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en empresas do Anexo I do R.d. 39/97, polo que habería que concertar cun servizo de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

directa deste control recaia sobre a organización de prevención da empresa contratista.

- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servizo. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das destas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.
- ◆ Coordinación de actividades empresariais.  
No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:
  - O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
  - O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.
- ◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:
  - Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
  - As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
  - As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

- ◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.d. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.
- ◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarse da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.
- ◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

### **DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente a este prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos



## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

### **VIXÉSIMA. RECEPCIÓN E PAGAMENTO**

Ó remate das obras subscribirase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO contado a partires da data da sinalada acta. Non obstante este período será o sinalado polo adxudicatario na súa oferta.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais, unha vez emitidas a correspondentes certificacións polo Director facultativo, e conformada polo Concelleiro de Infraestructuras e maila Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

Ós efectos sinalados no artigo 201 da LCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

### **VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 220 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 222 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

Lugo, a 8 de xuño de 2009

A TÉCNICO DE ADMINISTRACION XERAL  
DO SERVIZO DE CONTRATACION

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

Asdo. Ana Tabarés Martínez

CONFORME

O XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,  
PATRIMONIO E FOMENTO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

**A N E X O****DATOS:**

|                            |  |                   |  |
|----------------------------|--|-------------------|--|
| <b>EMPRESA:</b>            |  |                   |  |
| <b>ENDEREZO:</b>           |  |                   |  |
| <b>LOCALIDADE:</b>         |  | <b>PROVINCIA:</b> |  |
| <b>PERSOA DE CONTACTO:</b> |  |                   |  |
| <b>TELÉFONO:</b>           |  | <b>FAX:</b>       |  |

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

|  |  |                   |  |
|--|--|-------------------|--|
| <b>1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b> |  |                   |  |
| <b>NOME:</b>   |  |                   |  |
| <b>ENDEREZO:</b>   |  |                   |  |
| <b>LOCALIDADE:</b>   |  | <b>PROVINCIA:</b> |  |
| <b>PERSOA DE CONTACTO:</b>   |  |                   |  |
| <b>TELÉFONO:</b>   |  | <b>FAX:</b>       |  |
| <b>ESPECIALIDADES CONTRATADAS:</b>   |  |                   |  |
| <b>PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:</b>  |  |                   |  |

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: pregos obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación PPOS 2009

Asunto.- obra pavimentacion Flor de Malva. Terminación

**\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º  **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

**\* Xuntar a acta de constitución.**

3º  **TRABALLADOR DESIGNADO**

**Nome e apelidos:**

**Cargo:**

**NOME EMPRESARIO:**

**SELO DA EMPRESA**

**DNI:**

**FIRMA:**

**DATA:**